



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Lista definitiva de admitidos e excluídos, designación de Tribunal e data do exame para a bolsa de emprego de Auxiliar de Axuda no Fogar do Concello de Betanzos

EXPEDIENTE: 2020/G003/000837

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Informe de necesidades de data 06/02/2020 da coordinadora do departamento de Servizos Socias de creación de bolsa de emprego de auxiliar de axuda no fogar.

SEGUNDO. Providencia de inicio do delegado de persoal de data 13/03/2020 de incoación do expediente para a formación dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar.

TERCEIRO. Informe xurídico de data 02/04/2020

CUARTO. Informe de intervención de data 15/05/2020

QUINTO. Acordo da Xunta do Goberno Local do Concello de Betanzos de data 28/05/2020 de aprobación das bases para a elaboración dunha lista de emprego de auxiliar de axuda no fogar.

SEXTO. Publicación das bases da convocatoria no BOP número 45 do venres 26 de xuño de 2020.

SÉTIMO. Decreto nº 684/2020 de Lista provisional de admitidos e excluídos para a bolsa de emprego de Auxiliar de Axuda no Fogar do Concello de Betanzos, de data 16/07/2020.

OITAVO. Reclamación presentada por Carlos Mouriño Piñeiro (DNI 53164757G), Número de entrada en rexistro 202099900001370, de data 21-07-2020.

NOVENO. Informe de Rexistro municipal de que a única alegación presentada é a de Carlos Mouriño Piñeiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar a alegación presentada por Carlos Mouriño Piñeiro e incluílo na lista logo de presentar a documentación solicitada.

SEGUNDO.- Correxir de oficio o nome da seguinte aspirante: onde dí Lorenzo González María del Mar debe dicir Lorenzo González María del Carmen.



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Validación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

TECEIRO.- Prestar aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos da bolsa de emprego de Auxiliar de Axuda no Fogar do Concello de Betanzos:

PERSOAS ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI
Crespo Sanmartín María Luisa	***6727**
García Rey Manuel	***9008**
Lorenzo González María del Carmen	***0353**
Mouriño Piñeiro Carlos	***6475**
Quintero Mosquera Francis Elena	***4135**
Varela Fernández María Esther	***6525**
Varela Fernández María Jesús	***6525**
Vázquez Purriños María Jesús	***8824**

CUARTO.- Proceder ó nomeamento do Tribunal Cualificador que xulgará dito proceso selectivo o cal estará composto polos seguintes membros:

Presidenta Titular: Mercedes García Prego, funcionaria do Concello de Betanzos
Presidenta suplente: Rita Ramos García, funcionaria do Concello de Betanzos

Vogal 1º Titular.: Purificación Calviño Ruanova, funcionaria do Concello de Betanzos
Vogal 1º Suplente.: Aurea Picado Brea, funcionaria do Concello de Betanzos

Vogal 2º Titular.: Natalia Lorenzo Díaz, funcionaria do Sergas.
Vogal 2º Suplente.: Teresa Morales Segade

Vogal 3º Titular.: María Montserrat Casal Chouciño, funcionaria do Sergas.
Vogal 3º Suplente.: Verónica Chaves González

Secretario Titular.: Margarita María Docanto Alonso, funcionaria do Concello de Cabana de Bergantiños.
Secretario Suplente.: Adrián Juan Márquez Caramés, secretario en réxime de acumulación do Concello de Betanzos.

Asesora: Silvia Muiño Naveira, normalizadora lingüística do Concello de Betanzos.

QUINTO.- A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día 20 de agosto ás 9 horas na sala de xuntas do Edificio Liceo.

SEXTO.- O primeiro exercicio, tipo test, da fase de oposición terá lugar o día 20 de agosto de 2020 ás 10:00 horas no Salón Azul do Edificio Liceo, na Praza de Galicia nº 1 Betanzos, lugar, hora e data nas que as persoas aspirantes admitidas deberán comparecer co seu D.N.I.

O segundo exercicio, suposto práctico, con carácter eliminatorio, da fase de oposición terá lugar o día 20 de agosto de 2020 ás 11:30 horas no Salón Azul do Edificio Liceo, na Praza de Galicia nº 1 Betanzos, lugar, hora e data nas que as persoas aspirantes admitidas deberán comparecer co seu D.N.I.

SÉTIMO.- Convocar os seguintes candidatos que non teñen acreditado o coñecemento de galego que se esixe para a praza (Celga 2); sempre e cando superen o segundo exercicio, caso práctico con



to asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de garantía, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

carácter eliminatorio, e que se realizará inmediatamente despois da segunda proba no Salón Azul do Edificio Liceo, na Praza de Galicia, 1 (Betanzos), para a realización dunha proba tipo test para demostrar o nivel esixido de coñecemento da lingua galega.

APELIDOS E NOME	DNI
García Rey, Manuel	***9008**
Lorenzo González, María del Carmen	***0353**
Quintero Mosquera, Francis Lorenzo	***4135**

OITAVO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa	O secretario Acctal.
María Barral Varela	José Cortés Carro



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).